



Sección Sindical PSA-PEUGEOT-CITROËN

REUNIÓN

DIRECCIÓN/REP. COMITÉ 30/03/09

No día de hoxe, e tal como reflicte a prensa, a Dirección comunicounos a marcha do actual presidente do Grupo Sr. Streiff.

A decisión foi adoptada este domingo por unanimidade pola Dirección do Grupo. As razóns aducidas resúmense en desencontros e falla de liderazgo.

O seu substituto Philippe Varin, tomará posesión do cargo no mes de Xuño, se ben dende o mes de abril irá tomando contacto coas diferentes estruturas que compoñen o Grupo. Mentres tanto, o Sr. Vardanega, membro da Dirección, desenvolverá dende agora e até o mes de xuño as funcións que realizaba o Sr. Streiff.

No que atinxe ós planos previstos para a nosa Planta, o Director de Recursos Humanos apunta que no se verán alterados.

Se ben as razóns poden estar asentadas na discrepancia sobre os Planos Estratéxicos que o Grupo debe afrontar neste período, onde o automóbil está a vivir inevitables cambios que mudarán o mapa mundial dos Grupos que compiten no mercado. De cara a este futuro, a C.I.G., interésanos coñecer os planos que o novo presidente teña en política industrial para a Planta de Vigo.

En canto ó dimitido Director, só podemos engadir que, no terreo social, e máis alá do que representou a incorporación de persoas da súa confianza para a Dirección deste Centro, nesta despedida, debemos anotar no seu "haber", algúns dos recortes sociais máis significativos que xunto cos seus colaboradores nos deixou.

- **ANDON** (perda de 13 minutos de recuperación de fatiga)
- **TRANSPORTE COLECTIVO** (eliminación dun dereito histórico)
- **CATEGORÍA DE PINCHE** (categoría con salario inferior á desaparecida de Peón)
- **CONCILIACIÓN FAMILIAR** (conciliación a cambio de perda de salario)
- **FLEXIBILIDADE HORARIA** (pretender no día a flexibilidade horaria)
- **MOBILIDADE FUNCIONAL** (colocar a profesionalidade en tea de xuízo)
- **Etc...**

Ninguén en tan curto espazo de tempo... fixo tanto por precarizar as condicións de traballo neste Centro, e nos do seu entorno. Só queda preguntarnos se o seu despedimento (cargo de confianza do Grupo) está na sintonía das indemnizacións que a Gran Patronal defende de **abaratamento dodespido**, para os traballadores/as... , ou pola contra, estarán no camiño das multimillonarias cifras que se levan escoitando doutros Directivos nestes últimos meses. (?)

Finalmente, e no terreo social, esperemos que o novo Presidente non acentúe o deterioro do clima laboral.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com